

ACTA DE REALIZACIÓN DA PROBA SELECTIVA

En Coirós, a 22 de xuño de 2023

Reunidos no Centro de Servizos Sociais de Coirós (A Coruña), ás 09.30 horas, os integrantes do Tribunal cualificador para a convocatoria de prazas para monitoras de actividades de tempo libre para o programa Concilia Coirós, que se constitúe para valorar as probas selectivas da aspirante Ariadna Paz Vázquez, con DNI XX.XXX.068-Y atendendo a súa solicitude de aprazamento xa que por cuestións persoais non podía presentarse no día na convocatoria,

- D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, Presidente do Tribunal.
- D^a. Raquel Montero González, Vogal do Tribunal.
- D^a. Paula Boado Presas, Vogal e Secretaria do Tribunal (con voz e voto)

Constituído o Tribunal cualificador, no día de hoxe e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citadas prazas acórdase proceder á realización da proba.

Consistirá nunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio teórico de 20 preguntas tipo test e un exercicio práctico consistente en desenvolver un tema ou cuestión (60 minutos) relacionada cos temas do listado 1, que se achegan.

A valoración da proba teórica será de 1 punto cada resposta acertada, e diminuírase en 0,25 puntos cada resposta errada, debendo acadar unha puntuación mínima de 10 puntos.

A valoración da proba práctica será de 20 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 10 puntos.

Procédese ao chamamento da aspirante para a realización da proba, para o cal se solicita a exhibición do Documentos Nacional de Identidade aos efectos de comprobación da súa identidade.

Consideranse superadas as probas, polo que as puntuacións finais son as seguintes:

PUNTOS EXAME	12,75
PUNTOS PRÁCTICO	11
TOTAL	23,75

Á vista do anterior o Tribunal, por unanimidade, acorda propoñer ao Sr. Alcalde-Presidente a contratación da aspirante.

O Presidente da por rematada a reunión ás dez horas e cuarenta e cinco minutos, do que eu, Secretaria, dou fe.

PRESIDENTE



SECRETARIA



VOCAL

